



## **Acta da sesión do Consello de Goberno do día 21 de xullo de 2016**

Ás 9.30 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. Julio Abalde Alonso, e de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**. Escusan a súa ausencia os profesores Manuel Reyes García Hurtado e Manuel Casteleiro Maldonado.

Tras a comprobación do quórum legal necesario para realizar a sesión, o reitor abre esta e dá paso ao primeiro punto da orde do día.

### **1. Informe do reitor**

O reitor comezou dando conta das obras do CITEEC e da presentación do Campus Industrial de Ferrol, cun financiamento comprometido pola Xunta de Galicia de 1,3 millóns de euros para os anos 2016 e 2017, no cadro dun investimento global de 17 millóns de euros até 2020, de acordo co Plan estratéxico.

Informou tamén da sinatura dun convenio entre a UDC e a Xunta, por valor de tres millóns de euros e dun compromiso de colaboración coa USC para impartir un grao interuniversitario conxunto en paisaxismo, que se implantará no curso 2018-2019, coordinado pola ETSAC da UDC.

Informou da reunión da CRUE para tratar o acceso á Universidade no próximo curso, 2016-2017, en que se informou de que o MECD aínda non sabe cando será publicado o RD regulador do acceso á Universidade e agardan que antes do 30 de novembro estea xa deseñada a proba por unha comisión estatal. No que si hai acordo é en evitar as probas sectoriais, en manter as actuais ponderacións e o distrito único. Lembrou que o modelo tiña que estar xa aprobado no mes de maio.

**O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente**, Alberto Valderruten Vidal, informou dos seguintes asuntos:

A Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos da Consellería de Facenda autorizou a OEP de PDI do ano 2016. O 26/07/2016 publicarase no DOG o anuncio desta oferta.

Como resultado de aplicación do criterios de execución da OEP aprobados o 28/06/2016, as prazas de catedrático/a de universidade convocaranse nas áreas de Historia do Pensamento e Movimentos Sociais e Políticos; Enxeñaría Mecánica, Física Aplicada e Didáctica e Organización Escolar. Dúas prazas de titular de universidade, nas áreas de Química Inorgánica e



Comunicación Audiovisual e Publicidade (esta última de promoción de axudante doutor/a). No mes de setembro, a Vicerreitoría realizará a convocatoria para seleccionar as áreas das dúas prazas restantes de titular de universidade. As prazas de contratado/a doutor/a convocaranse nas áreas de Economía Financeira e Contabilidade (dúas); Linguaxes e Sistemas Informáticos; Comunicación Audiovisual e Publicidade; Fisioloxía Vexetal; Botánica e Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial.

Como resultado da execución da OEP e en aplicación do Acordo sobre estabilización de axudantes doutores do 28/05/2015, autorizouse a realización de sete contratos de interinaxe como profesor/a contratado/a doutor/a nas áreas de coñecemento mencionadas anteriormente.

Seguindo co establecido no Convenio para a colaboración na docencia clínica do grao en Medicina da USC, esta universidade remitiu a relación de actividades docentes no ámbito da docencia clínica para desenvolver de xeito descentralizado no curso académico 2016/17. Esta relación trasladouse aos directores dos departamentos de Medicina e Ciencias da Saúde, co fin de que elaboren unha proposta para as anteditas actividades.

Autorízase a contratación de tres lectores de inglés e dunha lectora de francés para o curso 2016/17 nos departamentos de Filoloxía Inglesa Galego-Portugués, Francés e Lingüística, respectivamente, tras as propostas de selección das comisións específicas nomeadas segundo o establecido no apartado terceiro da normativa de contratación de profesores lectores do 24/07/1990.

Autorízase a prórroga da suspensión de contrato por incompatibilidade dun profesor axudante doutor da área de Construcións Navais. A duración da suspensión será do 01/08/2016 ao 31/07/2017.

A COAP do 15/07/2016 acordou remitirle ao Consello Social a proposta de asignación do complemento autonómico polo desenvolvemento de cargos de xestión de dous profesores, completando a remitida o 21/06/2016. Na mesma reunión acordouse autorizar a venia docente a diversos profesores e profesoras para impartir docencia no grao de Turismo e no grao de Enfermaría nos centros adscritos. Todas as venias contaban co informe favorable de departamentos da UDC, agás unha renovación de venia docente que non tiña informe ao non contar a UDC coa área de coñecemento axeitada (Filoloxía Alemá).

A **vicereitora de Oferta Académica e Innovación Docente**, Nancy Vázquez Veiga, informou de que o seu departamento está a traballar nunha



serie de modificacións do Regulamento de estudos de doutoramento, relacionadas principalmente coa súa adaptación ao Real decreto 195/2016.

Acrecentou que nos vindeiros días se lle remitirá ao PDI participante nos proxectos aprendizaxe-servizo 2016 os resultados da valoración da comisión coordinadora.

A **vice-reitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria**, Margarita Amor López, pola súa parte, informou da convocatoria de bolsas en departamentos do MECD e da ampliación do prazo para solicitar bolsas de colaboración para formación complementaria, así como da aplicación na UDC da Lei orgánica de protección xurídica do menor, esclarecendo o reitor que todo o PDI deberá solicitar ese certificado negativo de antecedentes penais por delitos sexuais.

De por parte, a **vice-reitora de Internacionalización e Cooperación**, Pilar García de la Torre, deu conta de que o SEPIE adxudicou os fondos Erasmus para o próximo programa 2016-2018 por un total de 1 056 260€ Esta cantidade supón un incremento significativo debido a que aumentou o número de mobilidades nos últimos anos e tamén á incorporación dos fondos do antigo programa Erasmus.es que pasan a xestionar directamente as universidades.

Engadiu que, por motivos de seguranza, a causa dos últimos acontecementos rexistrados en Turquía, se anuláron todas as mobilidades Erasmus para ese país no curso 2016-2017 e de que se están a tomar todas as medidas necesarias para que o alumnado afectado poida cambiar o seu destino.

A **vice-reitora do campus de Ferrol e de responsabilidade social**, Araceli Torres Miño, informou da convocatoria de bolsas de estudo-deporte, da clausura do Campus Inclusivo da UDC e da iniciativa «Espazo Compartido», da participación da UDC como socio constitutivo da rede de universidades saudables e, finalmente, da participación da VFRS nas Xornadas Universitarias Galegas de Xénero, celebradas na USC baixo o título «Perspectiva de xénero na docencia universitaria».

O **xerente**, Juan Manuel Díaz Villoslada, tras escusar a asistencia do vice-reitor de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade, informou das imputacións informadas e dos expedientes de gasto validados na Comisión de Asuntos Económicos do 11/07/2016:

- Imputacións, por valor de 146 388,26€
- Validacións, por importe de 381 738,69 €



Finalmente, o secretario xeral informou da reunión mantida na sede da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria sobre o Consorcio Interuniversitario, o calendario académico e os exames de decembro.

## **2. Aprobación, se proceder, do borrador da acta da sesión ordinaria do 28 de xuño de 2016**

A acta é aprobada por asentimento, tras a incorporación de senllas matizacións formuladas polo profesor Daniel Pena (acerca da súa intervención a respecto da CEPREA) e da profesora Fernanda Miguélez (acerca da incorporación da pregunta que no seu nome formulou o profesor Andrés Marcos).

## **3. Proposta de creación e modificación de títulos oficiais**

A vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente presenta a seguinte proposta de creación e modificación de títulos oficiais que figura como **anexo III**:

### **PROPOSTAS DE NOVOS MESTRADOS CURSO 2017-2018**

TÍTULO	CENTRO	OBSERVACIÓNS
MU en Edificación Sostible	Escola Universitaria de Arquitectura Técnica	Substitúe o MU en Tecnoloxías de Edificación Sostible
MU en Enxeñaría Aeronáutica	ETS de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos	Habilita para a profesión regulada de enxeñeiro aeronáutico (Orde ministerial CIN/312/2009, do 9 de febreiro)
MU en Fotónica e Tecnoloxías do Láser	Escola Politécnica Superior	Interuniversitario, coordina a UVigo e causa baixa a USC

### **PROPOSTAS DE NOVOS DOUTORAMENTOS CURSO 2017-2018**

TÍTULO	CENTRO	OBSERVACIÓNS
Doutoramento en Edificación	EIDUDC Escola Universitaria de Arquitectura Técnica	

### **PROPOSTAS DE MODIFICACIÓNS DE GRAOS CURSO 2017-2018**

TÍTULO	CENTRO	MODIFICACIÓN SOLICITADA
Grao en Socioloxía	Facultade de Socioloxía	Modificación derivada do proceso de acreditación: actualizar a distribución de competencias, os contidos, a metodoloxía e as actividades formativas na memoria do título, consonte coa información ofrecida nas guías docentes.



Grao en Bioloxía	Facultade de Ciencias	Actualizar a memoria verificada. Formular as prácticas externas como materia optativa como consecuencia do informe final de avaliación para renovar a acreditación.
Grao en Química	Facultade de Ciencias	Actualizar a memoria verificada. Formular as prácticas externas como materia optativa como consecuencia do informe final de avaliación para renovar a acreditación
Grao en Humanidades	Facultade de Humanidades	Modificación derivada do plan de viabilidade. Implantación da modalidade semipresencial
Grao en Información e Documentación	Facultade de Humanidades	Modificación derivada do plan de viabilidade. Implantación da modalidade semipresencial

**PROPOSTAS DE MODIFICACIÓN DE MESTRADOS CURSO 2017-2018**

TÍTULO	CENTRO	MODIFICACIÓN SOLICITADA
MU en Dirección Integrada de Proxectos	EU Arquitectura Técnica	Interuniversitario coa UVigo, coordina UDC. Adequar a memoria, pasar á modalidade de presencial, unificar os sistemas de coordinación e seguimento a través da Comisión Académica do Mestrado e actualizar a memoria en función do informe final de avaliación de renovación da acreditación.
MU en Investigación Química e Química Industrial	Facultade de Ciencias	Interuniversitario (USC,UDC, UVigo), coordina a USC Modificacións derivadas do informe de verificación: reformar o plan de estudos para evitar solapamentos detectados entre a formación previa dos graos e o mestrado.

A proposta foi aprobada por unanimidade.

**4. Proposta de renovación de títulos propios**

A vicerreitora de **Oferta Académica e Innovación Docente** presentou as fichas de renovación dos títulos propios que figuran de seguido:

- Mestrado en Xestión de Información da Construción Bim
- Curso de Especialización en Bim (Building Information Modeling)



A proposta é aprobada por asentimento segundo figura no **anexo IV**

### **5. Modificación da Normativa que establece o procedemento para o recoñecemento académico de créditos por participación en actividades universitarias nos graos da UDC**

A vicerreitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria presenta a Normativa, ao ter que se ausentar Nancy Vázquez Veiga e que se xunta como **anexo V** e que foi aprobada por asentimento.

### **6. Contratos e convenios**

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que figuran no **anexo VI**, que se clasifican nesta ocasión en dous (2) convenios marco, catorce convenios específicos (14), e corenta e nove convenios para prácticas (49), e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

### **7. Aprobación da oferta de emprego público do persoal de administración e servizos para o ano 2016**

O xerente deu conta da proposta de acordo para OPE do PAS funcionario 2016, de que xa informara nas sesións do Consello de Goberno dos meses de maio e xuño. Indica que a proposta persegue conxugar o acceso libre co dereito do PAS da UDC á promoción interna.

Intervén o representante da Xunta de Persoal, **Xosé Portela**, para pedir que se vote a proposta. Anuncia o seu voto negativo, xa que a proposta foi informada desfavorablemente pola Xunta de Persoal que, en síntese, está en desacordo polos motivos seguintes: (1) polo incumprimento dos acordos acadados coa Xerencia na OPE 2015, ao se introducir prazas de acceso libre na escala de bibliotecas; (b) porque se restan prazas na promoción interna para convocalas na quenda libre; (c) porque a OPE supón un prexuízo enorme para o PAS á espera de praza despois de superar a promoción interna, o que dificulta as súas expectativas de carreira (promoción sen mobilidade): neste caso, os traballadores xa cobran parte do salario correspondente á promoción aínda que non ocupen as novas prazas. Se estes funcionarios ocupasen as prazas que se sacan en quenda libre, a UDC aforraría cartos.

A tamén representante da Xunta de Persoal, **Manuela Pinazas**, quer ratificarse no que xa dixera na sesión do 28 de xuño. Engade que malia



poder parecer unha OPE nunha primeira ollada, a oferta de prazas en quenda libre supón unha carga de profundidade contra o actual sistema de promoción interna.

O xerente intervén para contestar os argumentos dos representantes da Xunta de PAS esclarecendo que (1) non se incumpriu acordo ningún. Todo o contrario: estanse a cumprir os acordos de promoción profesional e barrado de prazas; (2) vén de se realizar un proceso de promoción interna de 252 prazas, que vai supor un aumento da masa salarial superior ao 1 %. Indica que só se sacou a quenda libre unha praza A1 da escala de bibliotecas, isto é, 224 de promoción interna e apenas unha de quenda libre.

Finalmente, a proposta foi aprobada por 24 votos a favor, 2 en contra e 9 abstencións segundo figura no **anexo VII**.

Após a votación, toma a palabra o reitor para lembrar o importante esforzo que a UDC está a facer para a promoción do PAS.

## **8. Aprobación da Memoria de responsabilidade social da Universidade da Coruña 2014-2015**

O **secretario xeral** presenta para a súa aprobación a Memoria de responsabilidade social da UDC, que se xunta como **anexo VIII**.

Pregunta, a seguir, o profesor **José Manuel Santos** por que a elaboración da memoria foi encomendada a unha consultora privada, indicando o **secretario xeral** que se trata dunha decisión do Consello Social. Inquire de novo o profesor **Santos** cal é a razón, daquela, de que a memoria sexa realizada ao abeiro do convenio entre a UDC e Inditex. Esclarece o **reitor** que é a UDC quen asina o convenio porque o Consello Social carece, en canto que órgano da universidade, de personalidade xurídica de seu. O **secretario xeral** reitera que a elaboración da memoria é competencia do Consello Social que, de acordo coa lei, goza de autonomía funcional e orzamental lembrando que a colaboración UDC-Inditex en materia de responsabilidade social vén de lonxe. Intervén novamente o profesor **Santos** para sinalar que non é a súa intención cuestionar a contratación da elaboración da memoria de responsabilidade social nin colocar baixo sospeita a actuación do Consello Social. Manifesta darse por satisfeito coa respostas do reitor e do secretario xeral.

Toma a palabra **Nona Inés Vilariño**, representante do Consello Social, para informar de que o procedemento de contratación foi absolutamente transparente e lamentar que haxa quen deite dúbidas ao respecto, ofrecéndose a facilitar canta información lle for solicitada.



O profesor **Moisés Canle** indica que sería conveniente que no apartado de extensión universitaria se reflectise o labor da Unidade de Divulgación Científica e do Coñecemento, que chega a milleiros de alumnos e alumnas de ensino primario e secundario.

Co compromiso de incorporar a suxestión do profesor **Canle**, a memoria foi aprobada por unanimidade.

### **9 Proposta de modificación dunha área de coñecemento de PDI**

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente, **Alberto Valderruten**, presenta a proposta de modificación da área de coñecemento do profesor interino de substitución, Carlos Fernández Lozano que pasa da Área de Coñecemento de Enxeñaría Telemática á Área de Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial.

A proposta é aprobada por asentimento e figura como **anexo IX** desta acta.

### **10. Proposta de modificación de dedicación de PDI do curso 2016-2017**

O **vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente** informou dos cambios de dedicación do profesorado, que se incorporan como **anexo X**, de acordo co informado pola COAP.

### **11. Proposta de modificación de convocatorias e tribunais de prazas de PDI dos corpos docentes**

A proposta é presentada polo **vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente** que informa de que a razón desta modificación é o tempo decorrido desde a aprobación das prazas (2012), resultando que algúns dos membros designados daquela xa non están en activo. A proposta, que foi aprobada por unanimidade, incorpórase como **anexo XI**.

### **12. Proposta de autorización de prórroga e comisión de servizos de PDI**

O **vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente** explica a proposta en que se solicita a prórroga da comisión de servizos da profesora M.<sup>a</sup> Luisa Rodicio García que conta co informe favorable do Departamento de Filosofía e Métodos de Investigación en Educación.

A proposta foi aprobada por unanimidade e figura como **anexo XII**.





### **13. Proposta de nomeamentos e renovacións de profesores/as honorarios/as**

O vicerreitor de **Profesorado e Planificación Docente** presenta a proposta de tres novos nomeamentos de profesores honorarios: Mauro Andrés Fernández Rodríguez, Pilar García Negro e Darío Prada Rodríguez e as renovacións dos profesores M<sup>a</sup> del Pilar Millor Arias, José Ramos Fernández, Jorge Teijeiro Vidal e Ramón Yáñez Brage.

A proposta, que figura como **anexo XIII**, foi aprobada por asentimento.

### **14. Proposta de renovación de profesor emérito**

O vicerreitor de **Profesorado e Planificación Docente** presenta a proposta de renovación de José Antonio Franco Taboada como profesor emérito e que conta co informe favorable do Departamento e do centro.

A proposta que figura como **anexo XIV** é aprobada por asentimento.

A seguir, o profesor Pena inquire se a política da UDC vai seguir a ser a de non nomear profesores eméritos e conceder apenas as solicitudes de honorarios, como no caso do profesor Mauro Fernández. Responde o vicerreitor de Profesorado que, con efecto, está bloqueada a posibilidade de nomear novos eméritos, expresando a súa vontade de que sexa posible retomala no curso próximo.

### **15. Aprobación inicial da proposta elaborada pola CEPREA e do cambio na súa composición**

O vicerreitor de **Profesorado e Planificación Docente** informa de que a CEPREA aprobou unha proposta de criterios de racionalización de equipos decanais e de reorganización de áreas en departamentos, indicando que entre a primeira e a segunda reunión desta comisión (realizada o día 18 de xullo) se abriu o proceso á participación da comunidade universitaria.

Explica que a razón de se pór o foco nos departamentos e non nos centros estriba en que as funcións de investigación se xestionan hoxe desde os grupos, sendo necesario axilizar o seu funcionamento e ir cara a departamentos maiores (pasar dos 43 actuais a 24-25) e, tras analizar as alegacións presentadas, fórmulase un documento de traballo que xa recolle unha proposta de reorganización departamental.

Lembra, a seguir, o contido dos acordos adoptados (cuxa literalidade consta no **anexo XV**):



- Sobre os centros, un equipo mínimo de dirección/secretaría/subdirección, que se pode incrementar en atención ao número de estudantes matriculados no centro e de titulacións impartidas. Lembra que o cambio se aplicará no momento en que se proceda a renovar os equipos decanais.
- Sobre os departamentos: pasar a 1, 2 ou excepcionalmente, 3, departamentos por centro. Para estes efectos, aprobáronse os seguintes requisitos e criterios.
  - a) Requisitos: non dividir áreas; 35 profesores permanentes a tempo completo (ou 30 desde que reúnan, polo menos, 50 sexenios). Por profesorado permanente enténdese, para estes efectos, o profesorado funcionario, os contratados doutores, os colaboradores fixos e non fixos e os axudantes doutores; haberá como mínimo un departamento por UADI ou UXAI.
  - b) Criterios: coherencia científica (de acordo coas áreas de acreditación da ANEP).

É, en aplicación destes criterios e requisitos, que se formula unha proposta de reorganización departamental, que será sometida a un novo prazo de alegacións. Esclarece que se trata dun documento aberto, unha proposta de traballo realizada coa intención de que sexa posible avanzar no procedemento previsto.

Na proposta figuran as áreas que se agrupan por estaren actualmente divididas ben como as que se adscriben a un centro diferente. De aquí resultan 9 áreas unificadas e 13 que se deben mover de departamento por razóns xeográficas.

Inicia o debate **Nona Inés Vilariño** para anunciar a súa abstención.

Toma de novo a palabra o **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente** para explicar, por instancia da profesora Souto, o cambio na composición da CEPREA. Sinala que o cambio obedeceu á solicitude dos directores de departamento de incorporar á CEPREA con voz mais sen voto os representantes dos departamentos no Consello de Goberno.

Toma a palabra o profesor Pena para, en primeiro lugar, requirir do reitor que explique que se entende por representación dos directores de departamento. O reitor esclarece que se trata dos sete directores de departamento escollidos polos propios directores para os representaren no Consello de Goberno. O profesor Pena indica que non se trata dunha pregunta capciosa e, en segundo lugar, sobre a composición da CEPREA, cuestiona por que se o foco se coloca nos departamentos e non nos centros,



os directores de departamento non teñen voto na CEPREA. Lembra que xa no último CG pedira sensibilidade con este tema e que, na reunión dos directores de departamento, unha maioría pediu non só voz mais tamén voto.

Respecto do procedemento e dos criterios aprobados, di coincidir coas alegacións críticas co procedemento e cos criterios escollidos. Cuestiona que non se inclúa o profesorado asociado, tan importante en titulacións como as de ciencias da saúde e as escolas técnicas. Afirma que o asociado é profesorado de pleno dereito da UDC.

Si comparte que se poida contar cun documento de traballo. Mais quer subliñar que ese documento debe servir exclusivamente para iniciar o traballo.

A profesora **Fernanda Miguélez** considera que a proposta é de redución e non de racionalización. Se os departamentos son unidades docentes, que problemas docentes se queren resolver? Se máis sexenios supoñen menos docencia, en boa lóxica, máis sexenios debería supor tamén máis profesorado. Critica que non se computen os profesores asociados, se do que se trata é de xestionar mellor a docencia.

O profesor **Sergio Santos**, decano da Facultade de Ciencias da Saúde, indica que o seu centro considera oportuno avanzar nun proxecto de fusión con outros centros. Agradece que na última sesión da CEPREA, logo de 16 anos de diálogo, se formule unha proposta de reunión entre o equipo reitoral e os departamentos e os centros do ámbito sanitario. Por primeira vez, afirma, a Facultade de Ciencias da Saúde aposta por un centro forte. Quer pensar que se este debate se levase a outros centros de forma tranquila, talvez o debate no seo dos ámbitos sociosanitario e biomédico permita chegar a constituír un gran centro.

Critica, porén, a redución dos equipos decanais. Pon de relevo a importancia do vicedecanato de calidade, responsable do bo lugar da titulación de Terapia Ocupacional nas clasificacións e do equilibrio entre o sociosanitario e o biomédico, nun centro moi disperso territorialmente.

Para ciencias da saúde, a proposta é de 1 ou 2 departamentos. Un só sería grande de máis, e nel disolveríase o Departamento de Medicina, cerna da demanda dunha facultade de medicina para a UDC. De se aplicar un criterio científico, resultarían dous departamentos (sociosanitario e biomédico). De se aplicar un criterio xeográfico tamén podería haber dous, mais desaparecería o Departamento de Medicina, co impacto negativo que isto tería na colaboración UDC-CHUAC. Somando os dous criterios,



resultarían tres departamentos, número que non sería excesivo se fose acompañado dunha fusión de centros. É por iso que a Facultade de Ciencias da Saúde se opón á proposta.

A profesora **Sonia Souto**, directora do Departamento de Fisioterapia, súmase ao indicado polo profesor Pena e, no que se refire aos departamentos, tamén ao expresado polo profesor Santos. Manifesta, pola contra, o seu desacordo co procedemento e cos criterios aprobados pola CEPREA, malia recoñecer nela algúns aspectos positivos. Lembra que no ámbito das ciencias da saúde hai tres departamentos e tres centros: a Facultade e o Departamento de Fisioterapia, a Facultade de Terapia Ocupacional, o Departamento de Medicina, a Facultade de Enfermaría e o Departamento de Ciencias da Saúde. Sinala que as palabras do profesor Santos non representan o sentir de Fisioterapia, que xa é unha facultade forte sen necesidade de fusións (alta empregabilidade, alta nota de corte, motor de cambio no mapa de prestacións sociosanitarias etc.). Tras interesarse polos prazos para alegacións, lembrando que o mes de agosto non é lectivo, anuncia o seu voto negativo.

O profesor **Miguel Muñoz** agradece, en primeiro lugar, a súa incorporación á CEPREA e anuncia o seu voto negativo aos criterios propostos por, entre outros motivos, a gran cantidade de alegacións non discutidas na última reunión da comisión do 18 de xullo. Lamenta que os directores de departamento non teñan dereito a voto e solicita que o escrito da Facultade de Ciencias da Educación se incorpore como anexo á acta da sesión do Consello de Goberno, en que se demanda a flexibilización da ratio de 30-35 profesores/as e se rexeita que nese centro a redución de departamento sexa superior ao 50 %. Solicita a inclusión do profesorado asociado no cómputo da masa crítica e pide unha nova proposta ou, alternativamente, que se poidan votar os criterios.

O profesor **Pedro Nogueira**, director da Escola de Arquitectura Técnica, considera que o que se está a debater é un cambio nos procesos internos da UDC dirixido a presentar mellorías de xestión ante outras instancias. Alerta, nese sentido, de que se perda a perspectiva de cal é o fin último da Universidade. Súmase á petición de que os directores de departamento estean directamente representados na CEPREA con voz e con voto.

O profesor **Andrés Marcos**, en representación da Xunta de Persoal de PDI, manifesta, canto ao procedemento, que quer máis participación efectiva do PDI na CEPREA; demanda transparencia (isto é, actas das sesións); amosa sorpresa diante da disparidade entre o alto número de alegacións e a



escaseza de resultados; ao seu ver, entre o PDI existe un sentimento contrario á redución de departamentos polos problemas que iso poida crear; propón a unión voluntaria como alternativa e, acerca dos criterios, pregúntase porque se na USC o número mínimo é de 20 para pasaren de 80 a 50 departamentos, na UDC se está a fixar un límite máis elevado. Solicita que se tome en conta, para os efectos dese cómputo, o conxunto do profesorado, ponderado pola súa dedicación. Considera que a nova composición da CEPREA debe supor a elaboración dunha nova proposta.

O profesor **Moisés Canle**, decano da Facultade de Ciencias, lembra que a CEPREA foi aprobada no Consello de Goberno do 22 de xuño de 2015 e que, desde aquela, as súas funcións non cambiaron. Dille á profesora Miguélez que todos somos PDI, non só docentes, e que a normativa vixente dispón que docencia e investigación estean ligadas a través duns criterios de avaliación da excelencia (sexenios). Non concorda coas propostas de incorporación dos asociados que, ao seu ver, é unha porta lateral de entrada na carreira académica que distorsiona o proceso, debido á falta de estabilidade destes contratos. Pide que se explicita se a ponderación de \*0,5 se refire ao PDI numerario a tempo parcial.

A profesora **Inés Pernas**, directora do Departamento de Representación e Teoría Arquitectónicas, súmase ás peticións dos profesores Pena, Souto e Miguélez e solicita que se retire da proposta a expresión «un deles compartido» en referencia a un dos departamentos da ETSAC. Solicita tamén que se teña en conta o escrito asinado por ela e presentado o 19 de xullo. O secretario xeral manifesta que o tal escrito non se pode considerar por non se realizar en tempo hábil (de acordo co art. 7 do Regulamento do Consello de Goberno, as notificacións das convocatorias aos membros deste órgano débense realizar cunha antecedencia mínima de 72 horas cando o correo electrónico foi enviado o día 19 ás 17:30 h, isto é, menos de 48 horas antes do inicio da reunión do Consello prevista para o día 21 de xullo ás 09:30 h en segunda convocatoria) e, en segundo lugar, por non vir asinada por, polo menos, unha cuarta parte dos membros do Consello de Goberno (incumprindo o requisito fixado no art. 9.3 do amentado regulamento; de acordo co cal «deberán incluírse na orde do día os puntos que previamente solicitase por escrito unha cuarta parte dos membros do Consello de Goberno»). Sendo o número legal de membros do Consello de 56, a cuarta parte sería 14, sendo que a solicitude que vostede transmite está «asinada» apenas por seis). Alén do máis, indica o secretario xeral, a solicitude non foi realizada cos requisitos que, para a súa eficacia, esixen as normas administrativas: non foi presentada a través de rexistro ningún ou



por medio de correo certificado nin contén a sinatura válida das persoas que din apoiala.

Toma a palabra a seguir o profesor **Francisco Alonso Tajés**, director do departamento de Ciencias da Saúde, para lembrar que o Consello de Goberno se opuxera a que a CEPREA estivese integrada pola COAP e a Comisión de Asuntos Económicos, tal e como propuxera o equipo de goberno e que, por iso, a actual composición da comisión procede dunha proposta diferente aprobada polo Consello. Cuestiónase, pois, acerca das razóns deste cambio de postura. Non comprende cales poden ser as motivacións para cambiar unha composición e un procedemento que, lembra, foran aprobados por unanimidade. Apoia que computen os asociados.

**Manuela Pinazas**, representante da Xunta de Persoal de PAS, solicita que se esclareza a referencia ás UXAI na reorganización dos departamentos, contestando o reitor que do que se trata é de incluír ás UADI incorporadas á UXAI de que se tratar.

O profesor Anxo Calvo, decano da Faculta de Economía e Empresa, lembra que o da CEPREA é un proceso longo e moi participado e que convén manter a ferramenta que o propio Consello de Goberno construíu. Ao seu ver, o traballo da CEPREA está a responder ás expectativas, malia ter sido pouco ambicioso no referido á fusión de centros. Na actualidade, toda a discusión está centrada nos criterios e non nos obxectivos. Non convén mesturar os fins cos medios e, de se computaren os asociados, daquela habería que incrementar o número mínimo de profesores por departamento. Semella, á luz dalgunhas intervencións, que as cousas funcionan ben e que non sería preciso mudar nada. Porén, en 25 anos, as funcións dos departamentos cambiaron de forma radical. Agora, basicamente, a súa función limítase a elaborar o POD. Lembra que o mapa de departamentos é un documento de traballo da CEPREA que serve para abrir o proceso a información pública. Ao seu ver, é positivo que o asunto se abra ao Claustro universitario, malia non estar inicialmente previsto. E recorda igualmente que xa no acordo de constitución da CEPREA os directores de centro asumiran o compromiso de informar periodicamente os directores de departamento. Pide que se lle dea continuidade ao traballo iniciado hai un ano.

A profesora **Teresa López** inicia a súa intervención lembrando o acordo do 22 de xuño de 2015 e lembrando, asemade, que algún director de departamento manifestou, naquela altura, sentirse representado polos



directores de centro. A voz e o voto xa está no Consello de Goberno, e ninguén se está a ver privado delas. Canto aos asociados, afirma que ninguén está a discutir o seu papel. Só se establecen uns criterios para acadar uns obxectivos, acordes coas novas funcións dos departamentos e co novo contexto económico en que se move a UDC. Convén non perder de vista os obxectivos, engade, nin desvirtuar o debate.

A seguir toma a palabra o **reitor**, comezando por se referir á composición da CEPREA e indicar que o único que mudou desde o acordo do 22 de xuño de 2015 é o equipo reitoral. Lembra que a proposta do anterior goberno da UDC daba representación a todos os sectores e que, no entanto, foi aprobada outra distinta. E nela incorporouse a cláusula de que os directores de centro informasen os de departamento a instancia, precisamente, do anterior equipo de goberno.

Lembra que as funcións da CEPREA non mudaron, xa que a reorganización de centros e de departamentos estaba prevista desde un comezo. Agora van participar os directores de departamento – con voz e sen voto –, en concordancia co previsto no acordo de creación da CEPREA que permite convocar ás súas reunións membros da comunidade universitaria distintos dos que xa a integran. Indica que todos os documentos están no repositorio e que hai un documento de racionalización, de novembro de 2015, que segue vixente.

Ao seu ver, non é bo andar a tecer e destecer. A CEPREA está a facer un bo traballo e hai que o aproveitar. Todos os directores de departamento teñen acceso á documentación. En ningunha universidade computan os asociados para calcular o número mínimo de profesores. A USC ten un número mínimo marcado nos seus estatutos (15) e fai a reorganización con 20. A UDC conta, en conxunto, con 1400 sexenios. Menos dun sexenio por PDI. Unha *ratio* que cómpre mellorar. A función dos departamentos é esencialmente investigadora, xa que a docencia descansa fundamentalmente nos centros.

Lembra que o procedemento é aberto. Que os criterios aprobados teñen que se incorporar ao documento de racionalización aprobado o ano pasado. Que hai que traer os departamentos aos centros en que impartan a súa docencia maioritaria e que os criterios aprobados son os que permiten lograr os obxectivos marcados.

A respecto da función dos departamentos, lembra que esta foi reducida por decisións legais (o doutoramento pasou ás escolas de doutoramento) e que



non se trata tanto de lograr un aforro económico canto de reducir cargas administrativas.

Recorda que as fusionés voluntarias de centros seguen a ser posibles. E que, de se daren, a estrutura de centros e departamentos podería ser repensada. O que non parece lóxico, engadiu, é que haxa un centro e un departamento de idénticas dimensións.

Sobre os vicedecanatos de calidade, indica que ese, precisamente, é o que non se pode eliminar. O que pode desaparecer é o de asuntos académicos cando hai coordinadores de titulación e lembra, en todo caso, que xa se modificaron os criterios para a que a redución non sexa, en ningún caso, superior a un.

Conclúe reiterando a necesidade de avanzar. De non perder o tempo. Nese sentido, a composición da CEPREA non se debe alterar. Manifesta que dentro dos criterios acordados caben solucións diferentes e que a presentada polo vicerreitor de Profesorado é apenas un documento de traballo.

Intervén de novo o **profesor Pena** manifestando, en primeiro lugar, que ninguén debe dudar da vontade de todos os presentes de aproveitar calquera posibilidade de mellorar o aproveitamento dos recursos da UDC. Considera necesario un proceso de reorganización departamental. E reconece os cambios experimentados nas funcións dos departamentos. O que non ve, di, é cal é o problema en cambiar a composición da CEPREA, máxime cando as circunstancias mudaron dun ano para acó: daquela, sinalou, había unha proposta do equipo de goberno coa que el concordaba. Foi a presión dos directores de centros a que levou a acordar a actual composición da CEPREA. Cal pode ser o problema en incrementar en máis seis membros esa composición? O cambio de circunstancias, a xuízo do profesor Pena, estriba en que hai un ano non se propuña a redución de departamentos. O **reitor** intervén para lembrar que xa daquela se propuña a fusión de sete departamentos. **Daniel Pena** reitera que el sempre estará a favor dos cambios nas estruturas da UDC que redunden na melloría do seu funcionamento. E que non se está a pedir un esforzo tan grande.

A profesora Sonia Souto concorda en que as disfuncións deben ser resoltas. E di ser consciente de que hai departamentos que aceptan voluntariamente as fusionés. En relación cos asociados –en resposta ao profesor Canle– afirma que esta figura non é unha porta lateral de entrada na carreira académica, que iso era antes. E que se en Ciencias da Saúde hai moitos asociados atípicos, non todas as titulacións son iguais. Non nega a





relevancia dos sexenios, mais considera que estes non se deben vincular a estruturas docentes como son os departamentos, máxime cando en determinadas áreas o camiño para a carreira investigadora é distinto. Engade que a CEPREA se constituíu hai un ano, mais iso non quer dicir que leve a traballar un ano. Sobre a coherencia científica e o agrupamento de áreas, afirma que se hai problemas de tipo administrativo, as solucións deben ser da mesma natureza. Considera que hai que ter unha visión global. Que a UDC é diversa e que os criterios non se deben aplicar de forma uniforme.

O profesor **Miguel Muñoz** intervén para indicar que votou a prol da CEPREA nunha situación de presión, e que delegaba no seu director de centro. Mais o problema, agora, aparece na reunión cos directores de departamento (o reitor lembra que nesa reunión se acordou que a presenza dos directores de departamento fose con voz e sen voto). O problema é discutir os criterios, que o número non sexa de 35 senón de 30. Pide que se flexibilicen as *ratios*, co fin de que a Facultade de Ciencias da Educación poida ter tres departamentos, en razón da complexidade da súa xestión académica.

Toma a palabra o **reitor** para indicar que os criterios teñen que ser obxectivos. O número de 35 profesores xa se modula en función do número de sexenios. Lembra que no documento de novembro de 2015 se falaba de 50 profesores permanentes por departamento, e que o obxectivo non se pode perder de vista: reducir o número de departamentos para mellorar a xestión administrativa da UDC. Recorda que os departamentos se limitan a elaborar o POD. Que o da CEPREA é un modelo ambicioso. Remata solicitando que prosiga o debate, que hai tempo até outubro de debater e procurar acordos.

O profesor **Xurxo Dopico**, decano da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física, anuncia o seu voto positivo, por coherencia e lealdade cos acordos tomados. Aconsella revisar as actas do Consello de Goberno e comprobar que xa na primeira reunión da CEPREA máis do 90 % dos presentes apoiaron a reestruturación da UDC. Que tamén aí se acordou que os directores de centros informasen os directores de departamentos nas xuntas de facultade e nas permanentes dos departamentos. Alén do máis, na CEPREA nunca se adoptou ningún acordo que non fose por asentimento, sen necesidade de votar. Canto aos criterios, os sexenios non sempre reducen a carga docente. Depende de se están vivos ou non. E, en todo caso, supoñen un maior esforzo investigador que debe ser recoñecido. Como director do INEF declara que non presionou a ninguén o 22 de xuño



de 2015. E que, en calquera caso, non se opón a que os directores de departamento estean con voz e con voto na CEPREA.

O **reitor** solicita que se aproben os criterios propostos pola CEPREA co fin de elaborar un documento consolidado co de racionalización de novembro de 2015. Queda aínda o debate no Claustro e, aínda, a decisión definitiva do Consello de Goberno. Vótanse os criterios e a composición da CEPREA, con presenza dos directores de departamento con voz e sen voto.

Os criterios foron aprobados por 22 votos a favor, 8 en contra e 7 abstencións.

A composición da CEPREA foi aprobada por 19 votos a favor, 9 en contra e 8 abstencións.

#### **14. Quenda aberta de intervencións**

Toma en primeiro lugar a palabra o profesor Miguel Muñoz para pedir que se faga público o calendario da CEPREA e que se teña coidado co nomeamento dos tribunais de premio extraordinario.

A profesora Fernanda Miguélez demanda a resposta á pregunta formulada na sesión anterior, que lle é entregada por escrito polo secretario xeral.

Ana Barxa, representante do alumnado, solicita que se aplique rigorosamente o regulamento de usos da lingua galega na UDC, algo co que o reitor concorda.

A profesora Susana Ladra interésase polos problemas rexistrados na concesión da gardaría da UDC: gañou a proposta que tiña o peor proxecto educativo co malestar dos pais e nais. Solicita que no futuro se prime a calidade sobre o canon (o documento coas sinaturas dos pais incorpórase como anexo á acta). Traslada tamén a queixa dunha coordinadora do Mestrado de Informática que carece dos mecanismos para facer a difusión axeitada das titulacións, solicitando que se centralice esta difusión ou que, noutro caso, se habilite algunha partida económica específica.

**Xosé Portela** solicita información sobre o cesamento de María Xosé Brión como vicexerenta e o nomeamento para ese cargo, en comisión de servizos, de José Ramón Noguerol López, nomeamento que, ao seu ver, non se axusta á legalidade por ser a Xerencia de Ferrol un posto de escala xeral, sendo o Sr. Noguerol dunha escala especial. Pregunta tamén en que posición se encontra a persoa cesada, María Xosé Brión.

Manifesta a súa preocupación pola situación da **gardaría**, criticando que se primasen os criterios económicos sobre os cualitativos. Solicita que nas



seguintes licitacións prevalezan as consideracións educativas sobre o prezo. (O **reitor** intervén para comprometerse a que, no futuro, eses criterios sexan revisados, aínda que informa de que no caso concreto da **gardaría** o problema foi solucionado).

Continúa Xosé Portela referíndose a se unha PAS elixida como secretaria da Facultade de Enfermaría e Podoloxía se pode beneficiar dalgunha redución horaria e informa da denuncia da Xunta de Persoal ante a inspección de traballo polos malos cheiros e as altas temperaturas que teñen que aturar os traballadores da biblioteca do edificio Xoana Capdevielle.

A profesora Inés Pernas pide que se revise a normativa e se recoñeza que os proxectos de cooperación sexan equiparables aos de investigación cando se logren en convocatorias competitivas oficiais.

Finalmente intervén o xerente para se referir á escola infantil, indicando que debido á retirada do adxudicatario, o servizo vai ser prestado pola mesma empresa. Toma nota da necesidade de revisar os criterios e indica que o procedemento foi seguido de forma rigorosa. A Xerencia considera que a designación dun novo vicexerente do campus de Ferrol é legal e que a persoa cesada se encontra en situación de «a disposición» con obriga de se presentar ao primeiro procedemento de revisión que se convoque. Comprométese a estudar o caso da biblioteca do edificio Xoana Capdevielle.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a sesión rematou ás s 12:45 h, do que eu, como secretario, dou fe, co visto e prace do presidente.

Visto e prace

O secretario xeral

Carlos Aymerich Cano

O presidente

Julio Abalde Alonso